



Resolución do 3 de agosto de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se publica a adxudicación definitiva dos destinos provisionais para o próximo curso académico 2018/19 ao persoal do corpo de mestres que non teña destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, ao que resulte desprazado por falta de horario, ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concellería, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino ou substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo.

De acordo co establecido no artigo 37 d) da Orde do 7 de xuño de 2018 pola que se ditan normas para a adxudicación de destinos provisionais (*Diario Oficial de Galicia* núm. 113, do 14 de xuño) e o punto sexto da Resolución do 18 de xuño de 2018 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 121, do 26 de xuño), esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Primeiro.- Publicar no anexo desta resolución a adxudicación definitiva dos destinos provisionais obtidos polos/as mestres/as concursantes para o curso académico 2018/19.

A adxudicación definitiva terá efectividade do día seguinte ao da súa publicación no enderezo da internet www.edu.xunta.gal.

Segundo.- As persoas adxudicatarias destes destinos provisionais tomarán posesión no centro educativo con efectos do día 1 de setembro de 2018.

Terceiro.- Os nomeamentos serán remitidos ao seu enderezo de correo electrónico.

Cuarto. Contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben, directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do contencioso administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela
O director xeral de Centros e Recursos Humanos
Por suplencia (Resolución do 20.07.2018)
Jesús Oitavén Barcala
Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

INSÍRASE NO DOG

